

TEMA 15.- A ARTE DESDE 1945 - COMENTARIO DE ARTE CONCEPTUAL. JOSEPH KOSUTH: UNHA E TRES CADEIRAS

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movement; cronoloxía; título; autor: Unha e tres cadeiras é unha obra conceptual realizada polo artista estadounidense Joseph Kosuth en 1965. A obra está formada por unha cadeira de madeira, a fotografía da cadeira e unha ampliación fotográfica da definición da voz "cadeira" no dicionario.

c.- Analiza e comenta a obra: a arte conceptual naceu a comezos da década de 1960, e, a diferenza doutros movementos desa época, segue vixente actualmente. A arte conceptual é aquela na que prevalece a idea sobre a obra propiamente dita, é dicir, predominan os elementos conceptuais sobre os puramente formais. Na arte conceptual a execución da obra e a forma son superficiais, non importan; o fundamental é a idea, pois a idea é a arte mesma.

Esta arte ten como antecedente fundamental o dadaísmo -o primeiro movemento que desmitificou totalmente a arte-, en particular Marcel Duchamp, cos seus ready-mades.

Joseph Kosuth, artista estadounidense que estudou filosofía e antropoloxía, é un dos máis representativos artistas conceptuais e un dos máximos defensores da valor intelectual do traballo artístico. Na súa obra inflúen notablemente Marcel Duchamp e o filósofo Wittgenstein.

Unha e tres cadeiras é unha instalación de arte conceptual que se presenta ao espectador como unha proposta reflexiva sobre a arte. Nela mostra unha cadeira, a fotografía da cadeira e a definición no dicionario de cadeira. O título pode parecer ambivalente, porén, ao contemplar a obra é claro: hai unha cadeira (obxecto que coñecemos por ese nome) e tres cadeiras (o obxecto, a súa representación e a súa definición no dicionario). A cadeira é un obxecto da vida cotiá, que descontextualiza e presenta como un obxecto artístico que xa non ten a mesma función que na vida cotiá: non é unha cadeira para sentarse senón para contemplala; isto remite de forma clara a Duchamp e os seus ready-mades.



Kosuth busca que o público conteste en cal dos tres elementos se atopa a identidade da cadeira: na cadeira mesma, na súa representación ou na súa definición no dicionario?, pode descubrirse a identidade da cadeira nun, nalgúns, en todos ou en ningún deles?.

Con esta obra, o artista pon de manifesto que non é necesaria a creación dos obxectos, resulta suficiente a definición dos mesmos. Trata de explicar que é en realidade a arte, se é a obra mesma, a representación dela ou a expresión verbal. Cando un ve obras como Unha e tres cadeiras, non fai senón preguntarse que é a arte?, quen é o artista?, que é o que debe facer un artista?, e, ata onde todo pode entrar no terreo artístico?.